



# COSTA DE BERGONDO

Adela Leiro, Mon Daporta  
decembro 2018



**Distancia:** 9 km (lineal, en coche) + camiñadas  
**Dificultade:** baixa

Bergondo está situado na marxe esquerda da ría de Betanzos, e na beira do río Mandeo que forma un extenso esteiro de gran valor medioambiental. A costa ocupa o fondo da ría e está formada por extensos areas (praias de Gandarío, O Regueiro, A Cabana e O Pedrido) e cantís de escasa altura. Os principais valores naturais atópanse na ría e no esteiro do Mandeo protexido no LIC/ZEC "Mandeo Mendo".  
Acolle un rico patrimonio histórico artístico e etnográfico.

## PERCORRIDO

O litoral de Bergondo ten poucos accesos, xa que unha boa parte da costa, en especial a zona rochosa, está ocupada por propiedades particulares que non deixan paso ou son áreas moi escarpadas de complicada circulación, tanto a pé como en coche. Propoñemos unha ruta cuns puntos de parada que se pode complementar con camiñadas polos areas facendo coincidir a marea baixa.


Tomamos como punto de partida o **pazo de Mariñán**, onde, ademais de visitar o pazo e os xardíns que acollen unha rica representación de especies arbóreas de interese, podemos achegarnos ao **esteiro do Mandeo**. Continuamos pola estrada seguindo o esteiro e facemos unha parada para ver a **punta das Saíñas** onde houbo antigas explotacións de sal. Máis adiante atopamos **A Pasaxe** e **O Pedrido**, cun pequeno **porto** e a **ponte** que une Bergondo con Paderne. Podemos continuar por debaixo da ponte ata a **praia do Pedrido** ou camiñar seguindo o litoral ata onde poidamos. Pódese facer un bo paseo chegando ata as **praias da Cabana** e **O Regueiro**.

De seguir en coche hai que incorporarse a estrada xeral (A Coruña-Ferrol) e logo coller o desvío a Sada e un cruce que nos leva á praia de Cabanas. Podemos deixar o coche no aparcamento do CPAP (Centro de Promoción da Autonomía Persoal) e desde alí baixar á praia ou contemplar as vista das praias do Regueiro e A Cabana e da ría. De novo na estrada de Sada seguimos ata a **praia de Gandarío**, onde podemos facer outra camiñada e ver as **puntas de Gandarío** e **Corveiroa** (no linde con Sada).



- 1-Ría de Betanzos.
- 2-Esteiro do Mandeo.
- 3-Pazo de Mariñán
- 4-Punta das Saíñas
- 5-A Pasaxe. Ponte do Pedrido.
- 6-Praia do Pedrido
- 7-Praia da Cabana
- 8-Praia do Regueiro/Moruxo
- 9-Punta de Moruxo. A Pedreira
- 10-Punta de Gandarío
- 11-Praia de Gandarío
- 12-Punta Corveiroa





Garza real (*Ardea cinerea*), habitante de ríos, esteiros e marismas.



### LIC BETANZOS-MANDEO

Espazo de 865 ha que comprende o curso do río Mandeo desde Ponte Aranga e o do Mendo desde Oza dos Ríos, os esteiros do Mandeo e do Lambre, e a parte da ría de Betanzos entre Miño e Gandarío. En Bergondo acolle a costa da marxe do Mandeo ata a punta de Gandarío. Os ecosistemas máis destacados son o esteiro e as marismas, con predominio de plantas adaptadas ás augas salobres: sebas, xuncos, salicornias, verdoaga mariña, acelga salgada, herba das anduriñas, escirpo...

En canto á fauna o máis destacado son as aves acuáticas: garza, garzota, picapeixes, gabita, gaivotas (patiamarela, chorona e escura), mazarico (galego e curlí), pillara real, lavanco real, pato cincento, pato asubión, parrulo pentumeiro común, mergo, corvo mariño real...

### 1-RÍA DE BETANZOS

A ría de Betanzos mide 12 km de fondo e presenta dous sectores ben diferenciados. O primeiro, de Betanzos até a ponte do Pedrido, é un esteiro típico onde sedimentan os fangos transportados polos ríos Mandeo e Mendo, unha zona estreita con amplas zonas lamacentas que quedan descubertas coa marea baixa. O segundo, entre as puntas Lavadoira e Torrella, é máis amplo e conflúe coa ría de Ares. As rochas dominantes son xistos, filitas e lousas. É unha importante zona marisqueira (ameixa, berberecho...)

Verdoaga mariña (*Halimione portulacoides*). Vive nas marismas fangosas onde cubre amplos espazos na liña das mareas. Pode quedar parcialmente mergullada.








3-Pazo de Mariñán, á beira do esteiro do Mandeo.  
Acolle un Centro Cultural da Deputación de A Coruña. Nos xardíns, abertos ao público, conserva especies monumentais de numerosas árbores: camelias, buxos, plátanos, eucaliptos, chopos, freixo florido, pacana de illinois, palmeiras datileiras, érbedo, mirto, teixo... , algúns catalogados como especies senlleiras



2-Esteiro do Mandeo desde o pazo de Mariñán.







## As salinas

A extracción do sal moéstase no Pedrido facilitada durante séculos o autobombastemento do burbano cunha presión produto tan necesaria para a climatización humana e a conservación dos alimentos.



### A salgadura

Por a principal forma de conservación de alimentos ata o século XIX. Os peixes e os carnos vexetais fermentados con especias fanse peixes salados, como o salmón de Galicia, desde a época romana. En moitos puntos da nosa costa desendúcese o proceso de salgadura que forma parte do patrimonio cultural do lugar.

### O sal

O sal comú chamado "sal marino" está composto na súa maior parte por cloruro sódico, e encóntrase tanto a partir do mar como extraído no interior da terra. O sal comú extraído do mar adoita ser chamado sal galego. O sal comú extraído do interior da terra adoita ser chamado sal galego.



### Explotación

As salinas comúes explotábanse polo mar en zonas de marisma, como sucede no Pedrido. É de onde se obtívase a garapa, unha bebida de panicles separadas por longos meses e galegada por vapor. En moitos casos débense as coqueiras para facer a garapa de vapor do mar preto. Cales das salinas, non se dá resposta de forma natural, deixando o sal cristalizado a vista. A extracción realízase manualmente mediante paciferos, paños e cestas. Despois o sal almacénase nuns recipientes cubertos para protexer da chuvia e evapora para facer o seu secado.



## 4-Punta das Saíñas



## 5-A Pasaxe. Ponte do Pedrido.



Área de interpretación das Saíñas, da Pasaxe e das embarcacións tradicionais









7-Praia da Cabana



Cantil entre a praia da cabana e a praia do Regueiro/Moruxo



8-Praia do Regueiro/Moruxo







9-Punta de Moruxo. A Pedreira



10-Punta de Gandarío



11-Praia de Gandarío.  
Un acolledor areal de 700 m de lonxitude.



12-Punta Corveiroa